



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 26 DE DECEMBRO DE 2024

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e seis de decembro de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, réunese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ (que se incorpora á sesión no momento que consta nesta acta)

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto o secretario accidental, D. Fernando Manuel Garrido Negreira.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de decembro de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202412260959430000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2024

Acceso á videoacta – 00:00:35 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2024.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2024, sendo aprobada por unanimidade dos presentes.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2024.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS+ ADICIONAL 1/2025 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2025

Acceso á videoacta – 00:00:51 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 17 de decembro de 2024 (CVD: Y5OGVyHeS+7Ae9ZG0ZNB), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Recursos Humanos, Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión ordinaria de data 19 de decembro de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS E RECURSOS HUMANOS

O Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 29 de novembro de 2024, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+2025”, que se destina aos 93 concellos da provincia. O texto íntegro das Bases foi publicado no BOP núm. 233 do 3 de decembro de 2024.

Xunto co POS+2025 régúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL 1/2025 para financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial de A Coruña.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+AD 1/2025 dun total de **121.357,52 €**.

Visto o informe da coordinadora de servizos sociais do Concello de Cambre de data 17 de decembro de 2024 e (CVD: NBaW7i0ILJOP1niYWiew____).

A Concellería de Servizos Sociais e Recursos Humanos propón ao Pleno da Corporación a aprobación da solicitude do Plan POS+ADICIONAL 1/2025 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios para o exercicio de 2025.

O Concello de Cambre, a proposta da concellería de Servizos Sociais e Recursos Humanos, é destinar 85.420,44 €, de entre todos os gastos sociais extraordinarios, ao parágrafo a. **Reforzo**, que di literalmente: “*Ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.*”; e destinar 35.937,08 € ao parágrafo b., que di literalmente: “**Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social** ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmaceúticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.

Excepcionalmente as axudas de emerxencia e necesidade social poderán ser destinadas a outras unidades de convivencia vulnerables que sexan valoradas polo equipo técnico municipal dos servizos sociais.

Estas axudas de emerxencia deberanse tramitar en base a unha ordenanza municipal, unha convocatoria ou unha axuda directa, debendo especificarse na memoria xustificativa.

Cando as axudas se entreguen en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite de 500,00 € por unidade entregada.”

En base ao anterior, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025	121.357,52 €
Dato notificado que figura no seu expediente	

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	A	B	C	D	E
Gastos correntes:	85.420.44	0,00	85.420.44	85.420.44	0,00
a. Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ Adicional 1 para gastos sociais extraordinarios.					
Gastos correntes:	220.000,00	0,00	220.000,00	35.937,08	184.062,92
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia e necesidade social ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais					

Investimentos: Tipoloxía i	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Investimentos: Tipoloxía j	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	305.420,44	0,00	305.420,44	121.357,52	184.062,92

1. previsión de gastos para o 2025
2. estimación doutros ingresos públicos ou privados
3. estimación do gasto a financiar polo concello
4. importe solicitado no POS+ADICIONAL 2025
5. importe financiado con outros recursos propios do concello

IMPORTES SOLICITADOS	
I. Importe solicitado para gastos correntes	121.357,52
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoxía i	0,00
III. Importe solicitado para investimentos: Tipoxía j	0,00
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 1/ 2025 (I + II+III)	121.357,52

2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen dá lectura resumida á proposta.

(Cando son as once horas e dous minutos incorpórase á sesión o concelleiro do PP, Sr. Lamela Vázquez).

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, e a alcaldesa, Sra. Pan Lesta.

(Cando son as once horas e sete minutos, iniciada a súa intervención, a Sra. alcaldesa formula a primeira chamada á orde a unha persoa do público que asiste á sesión).

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 17 de decembro de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaoito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerro Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Tres (3), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 17 de decembro de 2024 (CVD: Y5OGVyHeS+7Ae9ZG0ZNB), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

1.2. MOCIÓN URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:10:48 horas

A Sra. Presidenta intervén e manifesta que hai unha proposta que é un recoñecemento extraxudicial de crédito, e concede o uso da palabra ao concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, quen di, entre outras cousas, que a urxencia da **proposta de Alcaldía, de data 18 de decembro de 2024, de recoñecemento extraxudicial de crédito número 6/2024 por importe de 524.377,67 euros** (CVD: VFsgVTII3mYvfiPOo2cB), vén motivada en cinco apartados:

- En que este asunto chegou fóra da orde do día ás comisións informativas do 19 de decembro e que o voto en contra dos grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE e BNG nas ditas comisións, por primeira vez en tres anos, supuxo que se votara en contra de debater e ditaminar un asunto, e di que esa é a razón de que hoxe veña como unha moción e non como un asunto dentro da orde do día.
- Na necesidade de aboar dúas facturas á empresa “Augaservi, S.L.”, empresa que xestiona o servizo municipal de auga e sumidoiros, e á que di que se lle obrigou a continuar co servizo no mes de abril, por ser un servizo esencial, e que dado o seu sistema de facturación trimestral di que aínda non recibiu cantidade ningunha dende esa obriga de continuar.
- En terceiro lugar manifesta a necesidade de aboar as facturas de servizos tan importantes como son a limpeza de edificios de diversas instalacións municipais, prevención sanitaria en recintos deportivos municipais, garda e coidado de instalacións deportivas, mantemento de zonas verdes e teléfono, entre outras.
- En cuarto lugar manifesta a urxencia de aboar unha factura á empresa “Manu Sports Cambre, S.L.”, a cal di que de boa fe subministrou 187 medallas e 69 placas para un torneo de *yudo* do ano 2023, a petición da Concellería de Deportes que ese ano xestionaba o Partido Socialista de Cambre, isto unha vez constatada a entrega efectiva do material.
- E, en quinto lugar, manifesta que a urxencia vén dada para aboar as facturas á empresa “Emprego Social, S.L.”, que di que, ao igual que “Augaservi, S.L.”, foi obrigada a seguir prestando o servizo en xullo de 2024, traballos que efectivamente se están a realizar, e sinala que esta empresa é unha iniciativa da “Asociación Pro Enfermos Mentales da Coruña” (APEM), cuxa misión é promover a integración social de persoas con discapacidade, e que son un centro especial de emprego e iniciativa social.

Unha vez finalizada a intervención do Sr. Mallo Castro, a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do citado asunto, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerro Quiñoy, Rodríguez López, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerro Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase non aprobada a urxencia da proposta de Alcaldía, de data 18 de decembro de 2024, de recoñecemento extraxudicial de crédito número 6/2024 por importe de 524.377,67 euros (CVD: VFsgVTIl3mYvfiPOo2cB).

A continuación, intervén a Sra. alcaldesa.

(Cando son as once horas e dezanove minutos a Sra. alcaldesa solicita que abandone o salón de sesións unha das persoas do público asistente)

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 00:21:32 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

(Faise constar que cando son as once horas e vinte e un minutos o secretario accidental advirte á Sra. alcaldesa que dentro do punto 2.2. Mocións urxentes en asunto de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día, tamén debería de ter sido tratada a moción presentada polo grupo municipal do BNG, ao cal a Sra. alcaldesa respóndelle que considera que esa moción vai dentro do punto que vai a continuación, o 3.2 Mocións dos grupos municipais).

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 00:21:47 horas

A Sra. Presidenta intervén e manifesta que hai unha moción que presenta o grupo municipal do BNG sobre a personación do Concello de Cambre no procedemento Dilixencias Previas DPA Dilig. Previas Proc. Abreviado 259/2023 que non vai permitir debater e dá conta da súa motivación.

Cando son as once horas e vinte e tres minutos o secretario accidental solicita a palabra á Sra. alcaldesa, quen lle contesta que a palabra non lla vai dar, que existe un informe de Secretaría sobre este tema, que cre que xa estaba antes de vir esta moción a pleno no mes de xuño, e di que entende que o que tiña que dicir Secretaría está dito.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 00:24:25 horas

Este punto foi tratado ao final da sesión, despois das preguntas presentadas polos grupos municipais.

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 00:24:37 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 155 resolucións numeradas da 1406 á 1560 do ano 2024 que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1406/2024	25-11-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas por importe total de 1.905,03 euros
1407/2024	25-11-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de novembro de 2024
1408/2024	25-11-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 29 de outubro de 2024, tendo en conta os informes emitidos polo enxeñeiro técnico industrial municipal - xefe da Sección Servizos en funcións de data 13.11.2024, oficial en funcións de xefe da Policía local de data 15.11.2024, enxeñeiro técnico de obras públicas municipal de data 18.11.2024 e informe do axente de protección civil e coordinador do servizo de emerxencias e protección civil en funcións de data 21.11.2024. Aprobar as facturas e gastos por importe total de 109.369,25 euros
1409/2024	26-11-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, solicitada o 30/10/2024, xa que segundo o disposto na disposición final segunda da ordenanza reguladora. Solicitante: GACY
1410/2024	26-11-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 11 de xullo de 2024, tendo en conta os informes emitidos polo oficial, en funcións de xefe da policía local de data 19.11.2024 e polo axente de Protección civil, de data 21.11.2024. Aprobar as facturas e gastos por importe total de 534,90 euros
1411/2024	26-11-2024	Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de AKMG e DMR
1412/2024	26-11-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 24 de outubro de 2023, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora. Solicitante: ACM
1413/2024	27-11-2024	Considerar desesitado a JCFL da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 06/09/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1414/2024	27-11-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JLL
1415/2024	27-11-2024	Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aprobar o expediente para a contratación dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para os voluntarios de Protección Civil do Concello de Cambre. Declarar motivada no expediente a necesidade da contratación dunha póliza de seguros que garanta a cobertura dos accidentes que poidan sufrir os voluntarios que colaboran co servizo de Protección Civil. Aprobar o contido íntegro do expediente de contratación
1416/2024	27-11-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MAFG
1417/2024	27-11-2024	Iniciar expediente de orde de execución a MFG para a roza da vexetación existente na finca sita en Cela e a poda da árbore que está a afectar a infraestruturas de alumbeamento público á marxe do camiño de titularidade municipal
1418/2024	27-11-2024	Iniciar expediente de orde de execución a SQS para a poda das tuías existentes na finca sita en Meixigo, Cambre, de xeito que non superen a altura máxima permitida para os cerramentos vexetais, que de acordo co anexo 6 das Normas subsidiarias de planeamento municipais é de 1,80 metros, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do

		solo de Galicia
1419/2024	27-11-2024	Iniciar expediente de orde de execución a MCA para a poda das tullas existentes na finca sita en Brexo, de xeito que non superen a altura máxima permitida para os cerramentos vexetais, que de acordo co anexo 6 das Normas subsidiarias de planeamento municipais é de 1,80 metros, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
1420/2024	27-11-2024	Desestimar as alegacións presentadas por GSS por canto que non se pode ampliar un prazo que aínda non foi outorgado. Ordenar a MCSG. ESG. MdelM;SG., ÓSG, JMSG, herdeiros de FSG e herdeiros de CGD que rocen a vexetación existente na parcela sita no lugar de Drozo, Cambre, en canto as condicións meteorolóxicas o permitan, debendo en todo caso estar completados os traballos ordenados antes do fin do mes de maio de 2025
1421/2024	27-11-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: OPGF
1422/2024	27-11-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: KRM
1423/2024	27-11-2024	Arquivar o expediente de MRP ao terse constatado que o interesado procedeu a regularizar as obras consistentes na reparación do muro de peche da parcela sita en Pena, Sigrás mediante o expediente de comunicación previa
1424/2024	27-11-2024	Considerar desistida da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 11/9/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1425/2024	26-11-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xaneiro de 2024, tendo en conta as horas prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 109 recibos e 26 cotas cero dun total de 135 persoas usuarias, e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de 13.798,30 euros
1426/2024	27-11-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade dado que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JFG
1427/2024	27-11-2024	Conceder - con efectos de data 27 de abril de 2024 - o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 174, letra A, no cemiterio municipal de Cambre. Autorizar, con efectos do día 27 de abril de 2024, a apertura da urna perimetral sinalada co número 174, letra A, no cemiterio municipal de Cambre, onde foron inhumados os restos mortais de JMTB. Solicitante: MAVA
1428/2024	27-11-2024	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa. Iniciar expediente de orde de execución EVSQ para a poda das tuías existentes na finca sita na Estrada Cambre-Temple, Cambre, de xeito que non superen a altura máxima permitida para os cerramentos vexetais (1,80 metros), debendo asemade podar as polas que están a invadir a vía pública, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e os artigos 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria e 41 das Normas subsidiarias de planeamento municipais
1429/2024	27-11-2024	Autorizar ao titular da licenza de taxi número 2, a substituír o vehículo co que presta servizo, Skoda Octavia, matrícula 3471-KSB por outro de nova adquisición, marca Skoda Y, matrícula 2651 MGX. Solicitante: PRF

1430/2024	27-11-2024	Iniciar expediente de orde de execución a ECV para a roza da vexetación existente na finca sita en Cela e a poda da árbore que está a afectar a infraestruturas de alumeamento público á marxe do camiño de titularidade municipal, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria
1431/2024	27-11-2024	Considerar desistido a GT na solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada con data 5/10/2023, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1432/2024	27-11-2024	Acceder ao solicitado respecto do expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre que non está exposto xa na páxina web deste Concello, e poñer a disposición de RVP, en representación do Grupo Municipal Popular, esta documentación que comprende copia dos documentos obrantes, a día de hoxe, no expediente Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Cambre
1433/2024	28-11-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 04/11/2024, xa que, segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: EFdeO
1434/2024	27-11-2024	Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 47,87 euros
1435/2024	27-11-2024	Nomear a JLRB conserxe interino encadrado na escala de Administración Xeral, subescala Subalterna, pertencente ao grupo "Outras Agupacións Profesionais sen requisito de titulación" para ocupar o posto vacante de conserxe de instalacións deportivas
1436/2024	28-11-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
1437/2024	28-11-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MEG
1438/2024	29-11-2024	Comparecer no procedemento abreviado nº 176/2024 perante o Xulgado Contencioso-administrativo número 4 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña e publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
1439/2024	29-11-2024	Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o luns 16 de decembro de 2024, ás 11:00 horas
1440/2024	29-11-2024	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 3 de decembro de 2024, ás 9.00 horas
1441/2024	29-11-2024	Comparecer no procedemento abreviado nº 175/2024 perante o Xulgado Contencioso-administrativo número 4 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña e publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
1442/2024	29-11-2024	Aprobar a autoliquidación mediante o modelo 583 correspondente a liquidación do Imposto sobre o valor da produción da enerxía eléctrica do cuarto trimestre de 2023 por un importe de 0,00 euros.
1443/2024	29-11-2024	Comparecer no procedemento abreviado nº 192/2024 perante o Xulgado Contencioso-administrativo número 3 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no

		artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña e publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
1444/2024	29-11-2024	Aprobar a nómina do mes de novembro do 2024. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas. Autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteriores gastos por importe total de 395.471,29 euros con descontos por importe de 87.863,74 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.
1445/2024	29-11-2024	Contratar ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 ao alumnado como persoal laboral mediante un contrato de traballo temporal de formación en alternancia a tempo completo cunha duración de nove meses, así como ao persoal directivo, formador e de apoio como persoal laboral mediante un contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral cunha duración de nove meses Establecer unha lista de reserva por orde de puntuación obtida dos/as aspirantes para ser chamados no caso de renuncias ou substitucións dos titulares
1446/2024	02-12-2024	Conceder a NGQE a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
1447/2024	02-12-2024	Comparecer no procedemento abreviado nº 242/2024 perante o Xulgado Contencioso-administrativo número 4 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña e publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
1448/2024	02-12-2024	Comparecer no procedemento ordinario nº 747/2024 e no procedemento DSP despidos/ceses en general nº 748/2024 perante o Xulgado do Social número 6 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña e publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
1449/2024	02-12-2024	Dar de baixa na modalidade de libre concorrencia do servizo de axuda no fogar a JFAD o 29/02/2024 ao causar alta na modalidade de dependencia do dito servizo o 01/03/2024, conforme coa resolución de aprobación do programa individual de atención do usuario da Consellería de Política Social e Igualdade e segundo a orde de prelación da lista de espera xestionada a través da Plataforma SIGAD da Xunta de Galicia.
1450/2024	02-12-2024	Conceder a MALP a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais,
1451/2024	02-12-2024	Considerar desistida a SVM, da solicitude da axuda económica de emerxencia social para lentes correctoras establecida no artigo 13 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 08/03/2024 e número de rexistro de entrada 202499900001468, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.

1452/2024	02-12-2024	Denegar a MTPM a axuda económica de emerxencia social para a atención de gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da ordenanza reguladora, en concreto para un recibos de alugueiro, solicitada con data 22/05/2024 e con número de rexistro de entrada 202400200000728, xa que segundo o disposto no artigo 22.1 non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, concretamente o de estar empadroadada e residir no municipio de Cambre.
1453/2024	02-12-2024	Corrixir o erro aritmético advertido no apartado c) “Carreira de velocidade sobre 50 metros” do segundo exercicio da oposición regulado na base sexta das específicas que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura de dúas prazas de axentes de protección civil encadradas na Escala de Administración Especial, Subescala Servizos especiais, clase Cometidos especiais, aprobadas por Resolución nº 875/2024 da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 18 de xullo de 2024, consistente no tempo máximo de execución desta proba física, no seguinte senso: Onde di: “Carreira de velocidade sobre 50 metros. Tempo máximo: 7,30 segundos para os homes e 8,30 segundos para as mulleres”. Debe dicir: “Carreira de velocidade sobre 50 metros. Tempo máximo: 8,00 segundos para os homes e 9,00 segundos para as mulleres”.
1454/2024	02-12-2024	Levantar o reparo suspensivo emitido pola Intervención municipal, no seu informe de fiscalización LMR- SUBVENCIÓN NOMINATIVA – REPARO SUSPENSIVO – ANPA FENDETESTAS CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ. FASE O - CURSO 2023/2024, de data 17.11.2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas de data 21.11.2024 Aprobar a conta xustificativa presentada pola ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, con CIF G15276025, do cumprimento do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2023/2024, en relación ao pagamento da achega única, segundo o establecido no apartado 7º da cláusula primeira do Convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de trinta e dous mil cento vinte euros (32.120,00 euros) a prol da ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, con cargo á aplicación orzamentaria “2024 326 48902 Convenio ANPA CEIP Wenceslao Fdez. Flórez”, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria.
1455/2024	02-12-2024	Levantar o reparo formulado pola intervención municipal, no informe de fiscalización LMRSUBVENCIÓN NOMINATIVA – REPARO SUSPENSIVO - ANPA ANPA MENCER DO CEIP GRAXAL II DO TEMPLE PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CENTRO NO CURSO ESCOLAR. FASE O - CURSO 2023/2024, de data 17.11.2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas de data 21.11.2024 Aprobar a Conta xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple, con CIF G70024096, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2023-2024, en relación ao pagamento da achega única, segundo o establecido no apartado 7º da cláusula primeira do Convenio. Compensar o importe de vintenove euros con cincuenta e oito céntimos (29,58 euros) polo superávit de ingresos e gastos da entidade co importe a aboar da achega única de dezanove mil cento oitenta euros con dezanove céntimos (19.180,19 euros) a percibir pola entidade, sendo o importe resultante de dezanove mil cento cincuenta euros con sesenta e un céntimos (19.150,61 euros) o importe a aboar á Asociación de Nais e País Mencer do CEIP Graxal II do Temple. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de dezanove mil cento cincuenta euros con sesenta e un céntimos (19.150,61 euros) a prol da Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple con cargo á aplicación orzamentaria “2024 326 48906 Conv. ANPA CEIP O GRAXAL”, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria
1456/2024	02-12-2024	Levantar o reparo formulado pola intervención municipal, no informe de fiscalización LMRSUBVENCIÓN NOMINATIVA – REPARO SUSPENSIVO - ANPA TORRENTE BALLESTER-SIGRAS. FASE O - CURSO 2023/2024, de data 17.11.2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas de data 21.11.2024 Aprobar a Conta xustificativa presentada pola ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, con

		CIF G15055239, do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2023-2024, segundo o establecido no apartado 7.1) da cláusula primeira do convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de dezanove mil setecentos cincuenta e nove euros con oitenta e tres céntimos (19.759,83 euros) a prol da Asociación de Nais e Pais Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, con cargo á aplicación orzamentaria “2024 326 48905 Convenio ANPA CEIP Gonzalo Torrente Ballester”, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria.
1457/2024	02-12-2024	Levantar o reparo formulado pola intervención municipal, no informe de fiscalización LMRSUBVENCIÓN NOMINATIVA – REPARO SUSPENSIVO - ANPA BREXO LEMA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ. FASE O - CURSO 2023/2024, de data 17.11.2024, isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 21.11.2024 Aprobar a conta xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López, con CIF G15256837, do cumprimento do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2023-2024, en relación ao pagamento da achega única segundo o establecido no apartado 7º) da cláusula primeira do Convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de dezasete mil seiscentos oitenta e dous euros con catorce céntimos (17.682,14 euros) a favor da Asociación de Nais e Pais Brexo-Lema do CEIP Emilio González López
1458/2024	02-12-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2024, tendo en conta as horas efectivamente prestadas polo servizo de axuda no fogar nese período, que comprende 106 recibos e 25 cotas cero dun total de 129 persoas usuarias (dúas delas con dous recibos cada unha ao cambiar a tarifa que se lles aplica dentro da modalidade de dependencia durante o mes de febreiro), e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de trece mil douscentos catro euros e noventa e dous céntimos (13.204,92 euros) desde AMA a VVC. Expor ao público o padrón que se aproba mediante edicto que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da páxina web municipal e da sede electrónica do Concello. Establecer o período de cobramento en período voluntario que abranguerá dende o 27/12/2024 ao 27/02/2025, ambos os dous incluídos
1459/2024	02-12-2024	Delegar na concelleira María Carmen Pan Matos a asistencia á sesión do consello escolar do CEIP Portofaro (O Temple) que terá lugar hoxe 2 de decembro de 2024, ás 18:30 horas.
1460/2024	02-12-2024	Aprobar as condicións para o desenvolvemento da actividade XVI Xuntanza do Maior
1461/2024	03-12-2024	Aprobar a relación de 4 altas e 3 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 no mes de setembro
1462/2024	03-12-2024	Dar de baixa na modalidade de libre concorrência do servizo de axuda no fogar a MCD, con efectos do día 31/12/2023, ao causar alta na modalidade de dependencia do dito servizo o 01/01/2024, conforme coa resolución de aprobación do programa individual de atención do usuario da Consellería de Política Social e Igualdade e segundo a orde de prelación da lista de espera xestionada a través da Plataforma SIGAD da Xunta de Galicia.
1463/2024	03-12-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 31/10/2023 e con número de rexistro de entrada 202300200001965 a CFV, destinada ao pagamento do comedor escolar dos seus fillos. A axuda solicitada correspondería ao curso escolar 23/24, sendo o total 300€.
1464/2024	03-12-2024	Inicio de procedementos sancionadores de tráfico – Importe: 200 euros
1465/2024	04-12-2024	Convocar proceso para a provisión en comisión de servizos dos trece postos de Policía Local deste Concello que se encontran vacantes. Aprobar as Bases Reguladoras desta convocatoria.
1466/2024	04-12-2024	Dar de baixa na modalidade de libre concorrência do servizo de axuda no fogar a JJDM, con

		efectos do día 01/01/2024, ao causar alta na modalidade de dependencia do dito servizo o 02/01/2024, conforme coa resolución de aprobación do programa individual de atención do usuario da Consellería de Política Social e Igualdade e segundo a orde de prelación da lista de espera xestionada a través da Plataforma SIGAD da Xunta de Galicia.
1467/2024	04-12-2024	Dar de baixa na modalidade de libre concorrência do servizo de axuda no fogar a MGF, con efectos do día 30/04/2024, ao causar alta na modalidade de dependencia do dito servizo o 01/05/2024, conforme coa resolución de aprobación do programa individual de atención do usuario da Consellería de Política Social e Igualdade e segundo a orde de prelación da lista de espera xestionada a través da Plataforma SIGAD da Xunta de Galicia.
1468/2024	04-12-2024	Dar de baixa na modalidade de libre concorrência do servizo de axuda no fogar a OPV, con efectos do día 03/11/2024, ao causar alta na modalidade de dependencia do dito servizo o 04/11/2024, conforme coa resolución de aprobación do programa individual de atención do usuario da Consellería de Política Social e Igualdade e segundo a orde de prelación da lista de espera xestionada a través da Plataforma SIGAD da Xunta de Galicia.
1469/2024	04-12-2024	Dar de baixa na modalidade de libre concorrência do servizo de axuda no fogar a MBMM, con efectos do día 29/02/2024, ao causar alta na modalidade de dependencia do dito servizo o 01/03/2024, conforme coa resolución de aprobación do programa individual de atención do usuario da Consellería de Política Social e Igualdade e segundo a orde de prelación da lista de espera xestionada a través da Plataforma SIGAD da Xunta de Galicia.
1470/2024	04-12-2024	Dar de baixa na modalidade de libre concorrência do servizo de axuda no fogar a AGE, con efectos do día 03/11/2024, ao causar alta na modalidade de dependencia do dito servizo o 04/11/2024, conforme coa resolución de aprobación do programa individual de atención do usuario da Consellería de Política Social e Igualdade e segundo a orde de prelación da lista de espera xestionada a través da Plataforma SIGAD da Xunta de Galicia.
1471/2024	04-12-2024	Dar de baixa na modalidade de libre concorrência do servizo de axuda no fogar a JFAD, con efectos do día 29/02/2024, ao causar alta na modalidade de dependencia do dito servizo o 01/03/2024, conforme coa resolución de aprobación do programa individual de atención do usuario da Consellería de Política Social e Igualdade e segundo a orde de prelación da lista de espera xestionada a través da Plataforma SIGAD da Xunta de Galicia.
1472/2024	04-12-2024	Dar de baixa na modalidade de libre concorrência do servizo de axuda no fogar a CVV, con efectos do día 30/09/2024, ao causar alta na modalidade de dependencia do dito servizo o 01/10/2024, conforme coa resolución de aprobación do programa individual de atención do usuario da Consellería de Política Social e Igualdade e segundo a orde de prelación da lista de espera xestionada a través da Plataforma SIGAD da Xunta de Galicia.
1473/2024	04-12-2024	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JSJ que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
1474/2024	04-12-2024	Conceder a MCLA a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais
1475/2024	04-12-2024	Conceder a JMBS a licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos, ao abeiro do disposto nos artigos 3 da Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, 3 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, e 9 do Regulamento de servizos das corporacións locais
1476/2024	04-12-2024	Arquivar o expediente nº 2017/I002/000053, ao terse constatado que o interesado procedeu a regularizar as obras denunciadas mediante o expediente de comunicación previa núm. 2017/U026/000280.
1477/2024	04-12-2024	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de JMC para o desbroce da vexetación existente na finca sita en Frais a Sobreguexe, s/n, Cecebre (San Salvador) e a poda das árbores que están a afectar a infraestruturas de alumeamento público ao marxe do camiño de titularidade municipal (1C.1.0237), de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016,

		do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de quince días para que realicen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes
1478/2024	04-12-2024	Levantar o reparo suspensivo emitido pola Intervención municipal, no seu informe de fiscalización LMR- SUBVENCIÓN NOMINATIVA – REPARO SUSPENSIVO - ANPA CURUXA CEIP PORTOFARO. FASE O - CURSO 2023/2024 de data 26.11.2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas de data 02.12.2024. Aprobar a conta xustificativa presentada pola Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, co CIF G15324700, do cumprimento do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2023-2024, en relación ao pagamento da achega única segundo o establecido no apartado 6º) da cláusula primeira do Convenio. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de quince mil douscentos euros (15.200,00 euros) a prol da Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, con cargo á aplicación orzamentaria “2024 326 48903 Convenio ANPA CEIP Portofaro”, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria.
1479/2024	04-12-2024	Delegar na concelleira dona Diana Piñeiro Fernández a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de JCI e PVA
1480/2024	05-12-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención LMR - providencia – facturas TEDEC 2024/T003/003673 de data 12.11.2024, tendo en conta os informes emitidos polo oficial en funcións de xefe da Policía local de data 15.11.2024, polo coordinador de actividades educativas e culturais de data 19.11.2024 e 27.11.2024, pola xefa da unidade de réxime interior de data 28.11.2024. Aprobar as facturas e gastos que se relacionan, por importe de 12.154,39 euros
1481/2024	05-12-2024	Conceder a AEPNC, a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 30/01/2024 e con número de rexistro de entrada 202400200000142 destinada ao pagamento de dous recibos de alugueiro correspondentes ao meses de novembro e decembro de 2023 por importe de 300 euros cada un o que supón un total de 600 euros, segundo o artigo 7 da ordenanza.
1482/2024	05-12-2024	Convocar proceso para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de Administración Xeral interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan, e aprobar as bases reguladoras da convocatoria
1483/2024	05-12-2024	Aprobar as despesas que se relacionan correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de outubro de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, e o seu pagamento, por importe de 84.551,87 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de outubro de 2024 por importe de 23.133,32 euros no concepto non orzamentario “20030 Cota traballador á Seguridade Social”.
1484/2024	05-12-2024	Comparecer no procedemento abreviado PA 135/2024 perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
1485/2024	05-12-2024	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o martes día 10 de decembro de 2024, ás 9.00 horas
1486/2024	09-12-2024	Considerar desistida a BJQR, da solicitude de bonificación do 100% das taxas pola rede de sumidoiros e subministración de auga, segundo o disposto no artigo 5 da Ordenanza Fiscal núm. 15 e artigo 6 da Ordenanza Fiscal núm. 9, solicitada con data 3 de xuño de 2024 e núm. de rexistro de entrada 202400000002662, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1487/2024	09-12-2024	Considerar desistida a MCMI, da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con

		discapacidade solicitada con data 16/10/2024 e número de rexistro de entrada 20240000005155 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1488/2024	09-12-2024	Conceder a AMBC a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 07/02/2024 e con número de rexistro de entrada 202400300000102, destinada ao pagamento do recibo de alugueiro correspondente ao mes de marzo de 2024 por importe de 300 euros, segundo o artigo 7 da ordenanza.
1489/2024	09-12-2024	Considerar desistida a MFS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para tratamentos especializados, ortopedia, próteses e lentes correctoras establecidas no artigo 13 da Ordenanza reguladora, concretamente para axuda odontolóxica solicitada con data 08/04/2024 e número de rexistro de entrada 202400200000477, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1490/2024	09-12-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no seu informe de fiscalización LMR – REPARO SUSPENSIVO- SUBVENCIONS NOMINATIVAS- SEMENTEIRA CAMBRE 2023 - FASE O, de data 01/12/2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data 05/12/2024. Aprobar a xustificación presentada e recoñecer e liquidar obrigas a favor da Asociación Sementeira Cambre (G15072606) por importe de <i>sesenta e tres mil euros</i> (63.000,00 euros), en concepto de única achega correspondente ao exercicio 2023 do convenio de promoción musical asinado, con cargo á aplicación orzamentaria 334 48901 <i>Sementeira Cambre</i> , así coma o seu abonamento.
1491/2024	09-12-2024	Considerar desistida a EMRF da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 31/10/2024 e núm. de rexistro de entrada 202400200001648, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
1492/2024	09-12-2024	Conceder á funcionaria municipal o permiso de trinta días naturais por enfermidade moi grave do seu pai, de conformidade co artigo 116 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, a contar desde o 9 de decembro de 2024.
1493/2024	09-12-2024	Conceder a ESL-C a axuda económica de emerxencia social solicitada con data 24/05/2024 e con número de rexistro de entrada 202400000002519, destinada ao pagamento do recibo de alugueiro do mes de outubro e parte do recibo de alugueiro do mes de novembro de 2023 por importe total de 600 euros , segundo o artigo 7 da ordenanza.
1494/2024	10-12-2024	Nomear a AAS, enxeñeiro técnico industrial interino, encadrado na escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A2, adscrito á Sección de Servizos, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de nove meses dentro dun período de dezoito meses, de conformidade co artigo 23-2d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
1495/2024	11-12-2024	Levantar o reparo formulado pola interventora municipal no seu informe de fiscalización LMR REPARO SUSPENSIVO CLUB CICLISTA CAMBRE 2023- FASE AD/2024, de data 26/11/2024, isto con base no informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, de data 06/12/2024. Outorgar ao Club Ciclista Cambre con NIF G15695315 unha subvención de <i>trinta e un mil euros</i> (31.000,00 €), para a promoción do ciclismo durante o ano 2023 con cargo á aplicación orzamentaria 2024 341 48901 Club Ciclista Cambre. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e o Club Ciclista Cambre no que se detallan os compromisos e obrigas das partes asinantes.
1496/2024	11-12-2024	Comparecer no procedemento abreviado nº 225/2024 perante o Xulgado Contencioso-administrativo número 4 da Coruña exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación a calquera letrado adscrito á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais,

		aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña e publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
1497/2024	11-12-2024	Proceder á inscrición do can identificado como MAGNO de raza American Staffordshire, sexo macho e microchip número 941000026492824, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
1498/2024	11-12-2024	Proceder á inscrición do can identificado como CLEO de raza American Staffordshire (mestizo), sexo femia e microchip número 941000021183631, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.
1499/2024	11-12-2024	A edificación sita no lugar de Canal, parroquia de Cecebre, cuxa declaración de obra nova foi inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña a favor de ARA e MRRA no libro 596, folio 106, finca 36515 de Cambre, inscrición 1ª, asiento 357, diario 25, atópase incursa no réxime previsto no artigo 90-2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia de edificacións que non son plenamente compatibles coas determinacións do planeamento urbanístico pero non están incursas na situación de fóra de ordenación, de conformidade co artigo 377-2 do Regulamento de dita lei, polo que só se poderán autorizar nela obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, así como as obras e cambios de uso que se axusten á ordenanza que resulte de aplicación de acordo co artigo 63 do Plan Básico Autonómico de Galicia aprobado por Decreto 83/2018. Notificar a presente resolución a ARA e MRRA para o seu coñecemento e para que fagan constar en dito Rexistro da Propiedade, a través de nota á marxe da inscrición da declaración de obra nova referida, a concreta situación urbanística da mesma que se determina na presente resolución. Comunicar tamén a presente resolución ao Rexistro da Propiedade nº 5 de A Coruña para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.
1500/2024	11-12-2024	Aprobar a nómina de liquidación do mes de decembro do 2024 do persoal laboral adscrito ao obradoiro de emprego PROXEDIS SOCIO SANITARIO-EDUCATIVO 2023-2024. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así como o seu pagamento, das retencións practicadas na dita nómina. Autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteriores gastos por importe total de 13.304,87 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes con descontos por importe de 1.564,15 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.
1501/2024	11-12-2024	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 9/2024 por un importe de 18.000 euros.
1502/2024	11-12-2024	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe total de 1.200 euros.
1503/2024	12-12-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente núm. 2024/C002/000069 cuxo obxecto é a contratación dos servizos e subministros para o desenvolvemento de actividades dentro da Campaña de Dinamización Comercial do Nadal do Concello de Cambre 2024 - 2025, por importe de 7.218,84 €, con cargo á aplicación orzamentaria 433 22699 "Otros gastos diversos promoc. activ. Económica". Adxudicar o contrato menor á entidade BARBEITO Y LÓPEZ S.C., no prezo ofertado de 5.965,00 € sen IVE, e 7.217,65 € co 21% do IVE incluído, por ser a empresa que fixo a única e mellor oferta atendendo á pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio da mellor relación calidade - prezo (prezo e melloras ofertadas), isto con base no disposto no artigo 131.2. da LCSP.
1504/2024	12-12-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención LMR – providencia-facturas TEDEC 2024/T003/002497 de data 11 de xullo de 2024, tendo en conta o informe emitido pola xefa da unidade de Réxime interior de data 28.11.2024. Aprobar as facturas que se relacionan por importe de 863,52 euros.
1505/2024	12-12-2024	Aprobar as facturas e gastos que se relacionan por importe de 8.663,16 euros. Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos anteditos gastos con cargo ás aplicacións correspondentes, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

1506/2024	13-12-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 17 de decembro de 2024
1507/2024	13-12-2024	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de novembro de 2024 por importe de 64.044,92 euros
1508/2024	13-12-2024	Conceder a licenza municipal para executar unha gabia de 0,30 metros lineais destinada a proporcionar subministración de gas natural canalizado á vivenda unifamiliar sita na rúa Wenceslao Fernández Flórez, parroquia de Cambre. Solicitante: NG, S.A.
1509/2024	16-12-2024	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de IEC S.L. por importe de 1.595,00 €, en concepto de xuros e por importe 40,00 € en concepto de costes de cobro, en execución de sentenza do Xulgado contencioso administrativo nº 4 da Coruña recaída no procedemento abreviado 224/2023, así como o seu pagamento e realización do pago mediante transferencia
1510/2024	16-12-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 10.12.2024 tendo en conta o informe asinado polo concelleiro delegado da area de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá de data 13.12.2024. Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 1.660,94 euros
1511/2024	16-12-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para executar unha canalización de 9 metros lineais para o tendido dunha liña subterránea de baixa tensión, e substitución dunha liña aérea de baixa tensión existente, co fin de proporcionar subministración de enerxía eléctrica á vivenda unifamiliar sita no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre. Solicitante: UFD, DE, S.A.
1512/2024	16-12-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 12.11.2024 tendo en conta os informes emitidos polo coordinador de actividades educativas e culturais de data 04.12.2024 e polo enxeñeiro técnico industrial, xefe en funcións da Sección Servizos. Aprobar as facturas e gastos por importe total de 2.413,45 euros
1513/2024	16-12-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para modificar unha instalación eléctrica, mediante o desmantelamento dunha liña subterránea de baixa tensión existente e execución de dúas canalizacións, de 9 e 3 metros lineais, respectivamente, para o tendido de dúas novas liñas subterráneas de baixa tensión, e instalación dun apoio para o tendido dunha nova liña aérea de baixa tensión, no lugar da Igrexa, parroquia de Cela. Solicitante: UFD, DE, S.A.
1514/2024	16-12-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a execución de dúas calas de mantemento de instalacións telefónicas na rúa Zeppelin, polígono industrial do Espírito Santo, parroquia de Cecebre. Solicitante: TdeE, SAU
1515/2024	16-12-2024	Aprobar e dispor o gasto, e recoñecer e liquidar obrigas a prol de UTE I-C por importe de 8.195,88 €, en concepto de xuros devengados e por importe de 480,00 € en concepto de costes de cobro, en execución de sentenza num. 188/2024 do Xulgado contencioso administrativo nº 4 da Coruña recaída no procedemento abreviado 319/2023, así como o seu pagamento e realización do pago mediante transferencia
1516/2024	16-12-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 19 de decembro de 2024
1517/2024	17-12-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: CGR
1518/2024	17-12-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MISL
1519/2024	17-12-2024	Aprobar as despesas e que se corresponden coa aportación anual ao Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Golfo Ártabro Sur: por importe total de 3.000,00 €
1520/2024	17-12-2024	Aprobar, de conformidade coa valoración realizada polo Xurado de Expropiación de Galicia e ratificada por sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 0296/2019 de data 13 de

		novembro de 2019, a autorización e disposición do gasto por importe de 405,74 € en concepto de aumento do prezo xusto para a parcela nº 9 do proxecto de Expropiación Forzosa para a ampliación da travesía de acceso ao cemiterio de Cambre a M ^a ICS. Aprobar a autorización e disposición do gasto por importe de 517,07 € en concepto de xuros de mora polo retraso na determinación e no pago do prezo xusto correspondente a parcela nº 9 do proxecto de Expropiación Forzosa para a ampliación da travesía de acceso ao cemiterio de Cambre a M ^a ICS
1521/2024	17-12-2024	Aceptar a renuncia de YdelVMC á solicitude de axuda económica de emerxencia social para lentes correctoras do artigo 13 da ordenanza presentada en data 08/10/2024
1522/2024	17-12-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: RLD
1523/2024	17-12-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: ACdeB
1524/2024	17-12-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LEM
1525/2024	17-12-2024	Considerar desistida a TBSS da solicitude da axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual establecida no artigo 7 da Ordenanza reguladora, concretamente para recibo de alugueiro solicitada con data 10/06/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1526/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora solicitada o 4/12/2024 xa que, segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: OMOM
1527/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 4/12/2024 xa que, segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: FCG
1528/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 27/11/2024 xa que, segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: JLTO
1529/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 5/12/2024 xa que, segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: DFG
1530/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 25/11/2024, xa que, segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: RAM
1531/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 4/12/2024 xa que segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: JLLN
1532/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 5/12/2024 xa que, segundo o

		disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: VLGdeS
1533/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 5/12/2024 xa que, segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poden entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: NCS
1534/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 27/11/2024 xa que, segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poden entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: PLF
1535/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 26/11/2024 xa que, segundo o disposto no artigo 23.7 da ordenanza, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social. Solicitante: LCS
1536/2024	17-12-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora, solicitada o 4/12/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, supera o número máximo de vales que se poden entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: SRR
1537/2024	17-12-2024	Levantar os reparos emitidos pola Intervención municipal no informe de intervención de data 29 de outubro de 2024 tendo en conta os informes emitidos técnico de xestión de administración xeral interina de data 15.12.2023 pola xefa da Unidade de Réxime interior de data 28.11.2024 e polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 13.12.2024. Aprobar as facturas por un importe total de 33.929,37 euros
1538/2024	17-12-2024	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 12.11.2024, tendo en conta os informes emitidos pola coordinadora de servizos sociais de data 13.12.2024. Aprobar as facturas e gastos por un importe total de 83.967,74 euros
1539/2024	17-12-2024	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 26.166,25 euros
1540/2024	17-12-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
1541/2024	17-12-2024	Avocación de competencias do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente don Juan González Leirós dende o día 23 ao 30 de decembro de 2024, ambos os dous incluídos
1542/2024	17-12-2024	Aprobar as despesas que se corresponden coa entrega a conta ao Consorcio das Mariñas do 20% da total achega orzamentaria do Concello de Cambre para o terceiro e cuarto trimestre de 2024 por un importe total de 52.054,40 €
1543/2024	17-12-2024	Delegar na concelleira dona María Carmen Pan Matos a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de H MV e HH
1544/2024	18-12-2024	Nomear a JAB e a SVR funcionarios de carreira nas prazas de operarios de servizos, encadradas na escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, pertencentes ao subgrupo de clasificación profesional outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación, de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
1545/2024	18-12-2024	Nomear a IFD funcionario de carreira na praza de enxeñeiro técnico industrial, encadrada na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A2", de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
1546/2024	18-12-2024	Proceder á devolución da fianza depositada por SACH para garantir a correcta execución da obra urbanizadora vinculada a construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Ponte das Insuas, parroquia de Cambre, por importe de 22.709,18 euros
1547/2024	18-12-2024	Proceder á devolución da fianza depositada por M ^a PGC para garantir a correcta execución da obra urbanizadora para a construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Espírito Santo,

		parroquia de Cecebre, por importe de 3.763,45 euros
1548/2024	18-12-2024	Proceder á devolución do aval depositado por JMP para garantir a correcta execución da obra urbanizadora para a construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Brexo, parroquia de Brexo, por importe de 11.385,44 euros
1549/2024	18-12-2024	Proceder á devolución da fianza depositada por SPG para garantir a correcta execución da obra urbanizadora vinculada á construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Quintán, parroquia de Cambre, por importe de 11.222,67 euros
1550/2024	18-12-2024	Proceder á devolución do aval depositado por M ^a LBP para garantir a correcta execución da obra urbanizadora vinculada a construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Lendoiro, parroquia de Cecebre, por importe de 7.442,75 euros
1551/2024	18-12-2024	Conceder a licenza municipal solicitada para a instalación dun centro de transformación, tendido dunha liña aérea de media tensión, e execución dunha canalización de 292 metros lineais para o tendido de liñas subterráneas de media e baixa tensión, nos lugares de Piñeiro e Sobreguexe, parroquia de Cecebre. Solicitante: UFD DE, SA
1552/2024	18-12-2024	Declarar a renuncia de IRR á licenza concedida para as obras de ampliación de granxa de porcino de cebo situada no lugar de Gosende, parroquia de Andeiro. Declarar concluso o procedemento instruído e arquivar o expediente correspondente
1553/2024	18-12-2024	Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de JRL e DDG
1554/2024	18-12-2024	Asignar o número 22 ao edificio sito na rúa Castellana, CP 15660, Cambre (A Coruña), segundo plano que consta no expediente. Solicitante: JLMM en representación de RH, S.L
1555/2024	18-12-2024	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 549.719,02 euros Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do primeiro trimestre de 2024
1556/2024	19-12-2024	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal en data 16 de decembro do 2024 ao nomeamento como funcionaria de carreira dunha praza de axente de desenvolvemento local, tendo en conta o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior o día 19 de decembro de 2024
1557/2024	19-12-2024	Nomear a JEMT funcionario de carreira na praza de conserxe, encadrada na escala de Administración Especial, subescala subalterna, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional outras agrupacións profesionais sen requisito de titulación, de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
1558/2024	19-12-2024	Nomear a BCP funcionaria de carreira na praza de axente de desenvolvemento local, encadrada na escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A1, de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
1559/2024	19-12-2024	Aprobar a nómina do mes de decembro e paga extraordinaria do 2024 cun total de retribucións brutas de 588.874,50 euros
1560/2024	19-12-2024	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente cuxo obxecto é a contratación do servizo para o desenvolvemento do programa "O Apalpador nas parroquias 2024", por importe de 3.932,50 €. Adxudicar o contrato menor a Animación y Eventos no prezo ofertado de 3.250,00 euros (IVE excluído); 3.932,50 euros (IVE incluído), por ser a única empresa que presentou oferta

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 26 de novembro de 2024

- Devolver a garantía definitiva do Lote 8 (Manutención e comida), do contrato mixto de servizos e subministracións correspondentes á montaxe do evento Open Science Cambre, adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 9.09.2021, constituída pola entidade Catering Ferrolterra, S.L., con CIF B70222849, por importe de 565,78 euros,

expediente número 2021/C005/00007

- Devolver a garantía definitiva do Lote 4 "Instalación eléctrica temporal", do contrato mixto de subministracións e servizos das actuacións necesarias para a montaxe do evento "Open Science Cambre", expediente número 2024/C005/00009, constituída pola entidade Instalaciones Eléctricas Coruñesas, S.L." CIF.- B15025661, por importe de 897,76 euros.
- Devolver a garantía definitiva constituída pola entidade Ingeniería, Medioambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (IPRENOR), con CIF B15856339, por importe de 463,97 euros, para o "Servizo de coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas do Concello de Cambre", expediente número 2020/C004/00007.
- Proposta relativa ao cambio de designación de responsable do contrato de "Servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e dirección da obra de reposición do céspede sintético do campo de fútbol municipal de Lendoiro e mellora da iluminación nos campos de Lendoiro e Dani Mallo, así como para o levantamento topográfico e análise da actual base do campo de fútbol". Expediente 2022/C004/000015.
- Proposta de aprobación do expediente de contratación relativo ás "Subministracións e servizos para a execucion do taller de emprego "Proxedis Socio Sanitario-Educativo II. Expediente núm. 2024/C005/000013
- Proposta relativa á aprobación do plan de seguridade e saúde, plan de xestión de residuos e o programa de traballo presentados pola empresa "Medancli, s.l.", para a execución da obra denominada "Reforma do bombeo de augas residuais de Ponte-Cela, Cambre". Expediente número 2023/C003/000001.

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de decembro de 2024

- Devolver a fianza definitiva do Lote 2 "Carpa Domo", do contrato mixto de subministracións e servizos das actuacións necesarias para a montaxe do evento "Open Science Cambre", expediente número 2024/C005/00009, constituída pola entidade Hebe Sport, S.L." CIF.- B15890809, por importe de 467,50 euros.

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de decembro de 2024

- Devolución da garantía definitiva constituída pola entidade Gestal y López, S.L., con CIF B15464795, por importe de 4.561,18 euros no expediente número 2021/C003/00006, para a obra "Mellora da accesibilidade no entorno da escola de música Sementeira de Sigrás, Cambre".

4.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 00:24:47 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900008045 o día 20 de decembro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:24:59 horas

Lee o rogo a Sra. Piñeiro Fernández.

«Dende o Partido Popular rogamos que cumbran cos rogos aceptados, facelo sería unha forma de mostrar respecto aos grupos desta corporación. Este rogo vai dirixido ao concelleiro de Deportes, no campo de fútbol de Brexo-Lema levan dende setembro deste ano con problemas coa caldeira, foi arranxada por un "coñecido" da directiva e a día de hoxe nin unha chamada, nin unha mínima preocupación por parte do concelleiro por

solucionalo de forma oficial e responsable. Se a isto engadímoslle que en outubro aceptaron o rogo sobre os danos do campo de fútbol e a día de hoxe nin unha soa solución para as incidencias presentadas, traer rogos a este grupo de goberno e coma predicar no deserto. Fáganse responsables do seu cargo, sexan comprometidos e cumpran cos rogos aceptados. Rogamos seriedade señor concelleiro.»

O Sr. Barrientos Morales contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:31:56 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez.

“Os usuarios do ximnasio da Barcala quéixanse de que todos os días quedan entre 6 e 10 persoas fóra das clases dirixidas porque non caben na única sala do ximnasio, teñen presentado queixas no concello para que solucionen o problema, xa no pleno de outubro pedimos explicacións e non se dá avanzado, a nova sala está construída e rematada dende novembro do 2023 e non entendemos por que segue pechada sen ningunha explicación razoable.

Por tanto dende o Partido Popular solicitamos que o Concello abra canto antes a nova sala do ximnasio xa construída e rematada hai un ano para que poidan utilizala os veciños.”

O Sr. Barrientos Morales contesta o rogo. Intervenien o Sr. Carballada Rodríguez, o Sr. Vázquez Pérez e a Sra. alcaldesa.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:38:50 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“Dende o Partido Popular rogamos que limpen a contorna do Concello, remítense fotos do estado no que se atopan as escaleiras, sucidade a moreas e nese estado é fácil que algún día afouciñemos calquera.

A beirarrúa que nos leva ás oficinas municipais e inclusive ás dependencias da policía local, luce negra como o chamizo tal vez como mostra do presente deste Concello. Máis adiante, se seguimos a andar, iso si unha vez posta a antitetánica, o que se presupón que foi unha beirarrúa en cernes vese que desapareceu foi tragada por herbas e porcallada e por un contedor do lixo. E se seguimos a andar veremos que as beirarrúas, aquelas que estaban limpas para o Galaicoi, hoxe están cun mantemento pésimo tan pésimo como a vosa idea do que debe ser unha carta de presentación dun concello.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900008042 o día 20 de decembro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego, din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:40:11 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Ante a perda da praza subvencionada de orientación laboral no mes de novembro e considerando a resposta ao noso rogo presentado no pleno ordinario de setembro, da concelleira da Área de Recursos Humanos, quen

expresou o seu desexo de manter esta praza subvencionada, desde o Partido Socialista rogamus que o devandito desexo se faga realidade. Instamos a que se adopten todas as medidas necesarias para garantir a continuidade deste servizo, pois consideramos que é de vital importancia para o desenvolvemento social e económico do noso concello. A perda desta praza representa un retroceso significativo na oferta de servizos que fortalecen o benestar e a calidade de vida dos nosos veciños.”

A Sra. Díaz Baldomir contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:41:39 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“Desde o Grupo Municipal Socialista de Cambre rogamus que se arranxen as macetas situadas na rúa Francisco Rodríguez, no Temple. Estas atópanse nun estado lamentable, con visibles danos estruturais e signos evidentes de corrosión, tal e como se pode observar nas fotografías adxuntas.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Interven o Sr. Vázquez Pérez e a Sra. alcaldesa.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:47:33 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

«En referencia ao rogo realizado e aceptado no pleno ordinario do pasado mes de agosto, no que se solicitaba o seguinte:

“Tras o tempo transcorrido sen recibir noticias sobre os avances realizados nos distintos contratos de servizos básicos, tan necesarios para o benestar dos nosos veciños e veciñas, rogamus que se realice un seguimento deles e que a dita información se traslade á Corporación de maneira periódica.”

Indicóusenos que a información sería remitida á Corporación de forma trimestral. Con todo, salvo erro pola nosa banda, non recibimos ningunha comunicación respecto diso.

Por iso, reiteramos a nosa solicitude e rogamus que se nos faga chegar a dita información por escrito e que sexa accesible a todos os membros da Corporación.»

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén o Sr. Vázquez Pérez.

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900008043 o día 20 de decembro de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:54:27 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Despois da xuntanza que por fin se tivo con algunhas representantes-voluntarias das colonias felinas de Cambre. Rogamos que se nos traslade sobre os acordos a que se comprometeron como responsables directos delas, cando no vindeiro mes volverán a estar en datas de reprodución, empeorando a situación na que se atopan.”

Contesta o rogo o Sr. González Leirós, logo dunha intervención da Sra. alcaldesa.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:59:44 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Dende o BNG vimos detectando que as distintas zonas verdes do concello manteñen tratamento distinto en canto á súa roza e mantemento, e así dende o noso grupo municipal xa levamos avisado de varios terreos que non estaban sendo obxecto do mesmo trato que outros similares.

Rogamos que se faga un estudo, cara á revisión que permita unha calendarización axeitada, tendo en conta a totalidade do patrimonio susceptible de adecuación.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Interven a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:02:38 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“A día de hoxe, atopámonos inexplicablemente sen un inventario municipal aprobado, o que provoca un baleiro legal e un descoñecemento por parte da veciñanza.

Xa en épocas pasadas, e por esa causa, o noso concello foi perdendo terreos que pasaron a mans privadas e nunca se recuperaron.

É obriga ineludible de calquera goberno que vele polos intereses dos seus veciños, e pola vixilancia e control do seu patrimonio.

Dende o BNG, e velando polo interese do conxunto da poboación de Cambre, ROGAMOS: Que de inmediato se poñan en marcha os traballos necesarios para contar cun documento imprescindible e legalmente obrigado.”

O Sr. Boga Moscoso contesta o rogo. Interven a Sra. Prieto Miramontes, o Sr. Vázquez Pérez e a Sra. alcaldesa.

4.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 01:07:19 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900008045 o día 20 de decembro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:07:21 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“Por que as parroquias rurais non teñen luces de Nadal, os impostos que paga un veciño do Temple valen máis que os impostos que paga un veciño de Andeiro?”

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:10:40 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“Hai xa tempo que a asociación de veciños de Cela leva solicitando un banco na entrada do local social da parroquia, para que os usuarios poidan sentarse e descansar mentres esperan para as actividades que se realizan no local. Ante a falta de solucións por parte do Concello, a dirección da asociación decidiu poñer unhas cadeiras para poder sentarse os veciños, moitos deles xente maior que o necesita. Recentemente foron obrigados por parte do Concello a retiralas e se lles informou que non era posible poñer un banco pero que lles ían mandar unhas de plástico no seu lugar.

Desde el PP queremos saber: Por que non é posible instalar un banco na entrada do local social de Cela, tal e como solicitan os veciños e se lles obriga a retirar as cadeiras que puxo a asociación?”

A Sra. Pan Matos contesta a pregunta, logo da intervención da Sra. alcaldesa.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:12:27 horas

Lee a pregunta o Sr. Lamela Vázquez.

“A praza sita no centro urbano de Cambre atópase nun estado lamentable, os bancos sucios e a herba artificial levantada. Para cando teñen vostedes intención de arranxala e limpala?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900008042 o día 20 de decembro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e traducidas ao galego, din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:14:16 horas

A Sra. Rodríguez López retira a primeira pregunta porque xa foi contestada.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:14:28 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López

“Dado o lamentable estado no que se atopa o parque infantil de Bribes: Que medidas a curto prazo se contemplan para garantir que este espazo volva a ser seguro e adecuado para o seu uso por parte dos nenos e nenas que o utilizan?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta. Intervén a Sra. alcaldesa.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO E PREGUNTA ORAL

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900008043 o día 20 de decembro de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:15:27 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Respecto da normativa obrigatoria sobre as prazas de aparcamento para persoas con discapacidade (Orde TMA/851/2021). No apartado 1 do artigo 35, recolle que polo menos unha praza especial por cada corenta debe destinarse a persoas con mobilidade reducida.

Cumple o Concello de Cambre en canto ao ratio obrigatorio, cumprindo así a bases da non discriminación por cuestións de mobilidade reducida?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:18:17 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Dende o BNG, vimos demandando unha mellora de accesibilidade e non discriminación para as persoas con diversidade funcional.

É o Real Decreto 193/2023, do 21 de marzo, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos bens e servizos a disposición do público.

Nel recóllense as características do mobiliario urbano, que inclúe loxicamente asentos, así como elementos de apoio isquiáticos.

Toda esa normativa e regulación, parte dunha sensibilidade para o conxunto da poboación, e non a unha opinión subxectiva do responsable de quenda.

Sorprendeunos que o concelleiro delegado dixera na derradeira comisión informativa, que “non consideraban” a implantación de bancos de asento no exterior do edificio municipal.

Con todo respecto: os gobernantes deben de gobernar “para todos/as”, e non deixarse levar por criterios que de momento descoñecemos cales son.

A solicitude de elementos de apoio e descanso non obedece dende logo a caprichos, senón á urxencia que demanda a falta de saúde ou de mobilidade, polo que reiteramos a nosa petición, pero sobre todo reflexión.

Que pensa facer ao respecto o Sr. Leirós? Que medidas pensa tomar?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta (oral) - Acceso á videoacta – 01:24:23 horas

O Sr. Carballada Rodríguez formula a seguinte pregunta:

Di que dende o BNG tiveron coñecemento, viron in situ, que o Concello de Oleiros, en uso, eles entenden que das súas atribucións, e di que son total e absolutamente respectuosos, e que de feito así o preguntan, sinalizou unha parte da denominada rúa Lameiro, na parte de abaixo do centro comercial Eroski, nas inmediacións de Otero Pedraio, que é unha zona limítrofe, como prohibida de circulación, agás residentes. Di que se prohibe a circulación agás residentes, unha prohibición que eles entenden que chega ata o comezo da rúa Lameiro en Salvador Allende, e tamén da rúa da Veiga.

Di que eles entenden que iso pode, falando moi en prata, supoñer unha mellora na calidade de vida ou mobilidade dos veciños que alí residen, pero entenden que pode supoñer tamén unha mingua na calidade de vida, na mobilidade, de veciños nomeadamente de Cambre.

Conclúe dicindo que queren un pouco saber cal é a posición, coñecemento, a visión que ten desta cuestión o Concello de Cambre.

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

Antes de finalizar a sesión dáse conta do punto **4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO** que quedou sen tratar no momento que lle correspondía dentro da orde do día.

Acceso á videoacta – 01:26:09 horas

De orde da Presidencia, o Sr. secretario accidental dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1541/2024, do 17 de decembro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica da área de Urbanismo, Obras, Servizos, Transportes e Medio Ambiente a prol do primeiro tenente de alcaldesa don Juan González Leirós, dende o día 23 ao 30 de decembro de 2024, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás doce horas e vinte e sete minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario accidental nesta sesión, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

O secretario accidental
(Asinada dixitalmente nesta data polo técnico de
xestión de Administración Xeral que actuou como
secretario accidental na sesión)
Fernando Manuel Garrido Negreira